Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA DO CONSELLO SOCIAL DO 29.02.2024

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo
DATA: 29.02.2024
HORA DE COMEZO: 16:30 h.
HORA DE REMATE: 18:30 h.

Asistentes:

Fernández Zunzunegui, Emilio
Graña Nogueiras, Jesús
Lesmes Romero, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Pérez Puga, Gerardo Ramón

O xoves, día 29 de febreiro de 2024, ás 16:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.12.2023).
2. Informe do presidente.
3. Liquidación provisional do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2023. Carta de avance de auditoría. Presentación do cálculo provisional do remanente do exercicio 2023.
4. Confirmación ou elección dun novo ámbito para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na Universidade de Vigo.
5. Asignación de retribucións adicionais. Resolución relativa ao complemento de excelencia curricular docente e investigadora 2022.
6. Informe que proceda sobre a modificación puntual da RPT da Universidade de Vigo, conforme aos seus estatutos. Modificación de niveis de complementos de destino.
7. Control e seguimento de competencias: aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos (art. 20.4); Doazóns menores e correntes (art. 25.2); Arrendamentos (art. 26).
8. Control e seguimento de competencias: aplicación da normativa de xestión de espazos universitarios. Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia (art.3).
9. Aprobación, se procede, dos prezos das residencias de estudantes para o curso 2024/2025, consonte proposta do Consello de Goberno.
10. Aprobación, se procede, da publicación da omisión dunha páxina da proposta recibida no seu momento das tarifas dos servizos do Centro de apoio á investigación (CACTI).
11. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2023 e xaneiro de 2024.
12. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e apunta a importancia de tratar os asuntos con rigor, non só os recollidos na orde do día senón tamén os que non son competencia directa do Consello Social ou aqueloutros nos que se pide aclaración sobre cuestións concretas ou referidos a normativas que se someten a seguimento e control da comisión. Agradece especialmente nestes casos a receptividade e respostas da Xerencia e dos servizos económicos. "Debemos ser rigorosos e amigables", remata.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.12.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Juan Manuel Vieites comunica a recepción do convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo que dá soporte á incorporación de remanente para financiar gastos con cargo á partida de I+D+i do Plan de Financiamento do SUG. Lembra que este asunto foi aprobado na reunión do pasado mes de maio, na que non se dispuxo do devandito documento polo que quedou pendente de entrega. Engade que na mesma sesión se solicitou tamén un informe da Xerencia sobre a evolución dos remanentes e outras obrigas recollidas nas normas de execución e noutra normativa.

PUNTO 3

Liquidación provisional do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2023. Carta de avance de auditoría. Presentación do cálculo provisional do remanente do exercicio 2023.

Informa o presidente que esta competencia está regulada agora polo artigo 56.8 da LOSU e xa non polo Real Decreto-Lei 14/2012, derrogado expresamente pola nova lei.

Respecto da liquidación provisional do orzamento do exercicio 2023, Juan Manuel Vieites resume que amosa un resultado positivo tras os axustes de contabilidade nacional de +3.447.081,15 €, cifra positiva e que indica a correcta execución do orzamento 2023.

No tocante á tesouraría sinala que a cifra é moi boa, polo que propón que se informe favorablemente.

En canto ao cadro de remanente que se presenta apunta que dista moito da cifra prevista en decembro 2023 presentado pola Xerencia, no que se estimaba un remanente de tesouraría de 19.011.844,45 €. Advirte que a cifra calculada, de xeito provisional a data de febreiro de 2024 sobre o remanente de tesouraría dispoñible do exercicio 2023 segundo os datos presentados actuais é de 3.111.091,07 €, o que supón unha desviación sobre os cálculos iniciais de -15.900.753,38 €.

O presidente engade que hai que ter en conta que existe un axuste polos saldos de dubidoso cobro de 5.737.261,39 € que no caso de ser cobrados elevaría o remanente de tesouraría a 8.848.352,46 €, cifra tamén moi diferente da inicialmente prevista.

Lembra que o orzamento da UVigo para 2024 foi aprobado logo dun fondo debate nesta comisión e posteriormente no pleno, advertindo do risco que representa utilizar un remanente libre superior aos 18M€ sen explicar o seu uso para actuacións concretas, dado que podería implicar unha liquidación negativa do exercicio, "e no caso de que eses recursos para financiar o orzamento de gastos fosen unha necesidade estrutural que se repetise en sucesivos exercicios, podería levar a un déficit estrutural das contas da UVigo". Remitiuse entón a esta comisión para valorar a procedencia dos cálculos feitos e avaliar a viabilidade das previsións.

Así, no caso de cumprir as previsións máximas de uso do remanente dispoñible, o exercicio 2024 rematará cun remanente de tesouraría dispoñible negativo de -15.507.508,13 €.

Como conclusión, propón efectuar as seguintes recomendacións:

1. Que se busquen novas fontes de financiación non afectada para cubrir o déficit entre o remanente de tesouraría dispoñible utilizado para financiar o orzamento de gastos de 2024.
2. Reducir o orzamento de gastos na contía que estime oportuna para evitar que o remanente de tesouraría dispoñible ao finalizar o exercicio 2024 sexa negativo, o que implicaría un grave trastorno para a universidade que podería implicar -segundo o artigo 57 da LOSU- que a Comunidade Autónoma tivera que intervir para garantir a estabilidade da institución.
3. Que se realicen as xestións precisas para cobrar os saldos de dubidoso cobro de cara a incrementar a cifra do remanente provisional de tesouraría dispoñible.

Ábrese unha rolda de intervencións na que os asistentes coinciden na preocupación pola disparidade das cifras e a necesidade de tomar medidas. Antonio Macho avala o aviso anticipado que se está a facer dende a comisión; Antonio Martiño considera apropiadas as recomendacións para que o risco non aumente; Emilio F. Zunzunegui subscribe as indicacións propostas; Jesús Graña repara na contía dos saldos de dubidoso cobro, que pasan de 1.3M€ ao peche do exercicio 2022 a 5,7M€, pregunta que medidas se están a tomar para cobrar esas cantidades e pide que se informe semestralmente ao Consello Social.

Toma a palabra a xerente para presentar e explicar os aspectos máis salientables das táboas de orzamentos de ingresos e gastos correspondentes a 2023, o resumo de ingresos e gastos e as porcentaxes de execución, resultado orzamentario provisional, evolución da tesouraría e cadro de remanente provisional. Sobre os saldos de dubidoso cobro indica que a maioría teñen máis dun ano de vixencia e teñen como orixe a administracións públicas, e que se está a desenvolver unha xestión proactiva tamén ante particulares para cobrar a totalidade. Yolanda Lesmes resposta a distintas dúbidas, preguntas e consultas dos presentes referidas á persoal, contas e incidencia económica do novo escenario normativo. Tamén explica a disparidade nas cifras do remanente e conclúe que "non queda máis remedio que facer unha xestión de contención do gasto". Comunica que xa se está a estudar onde se pode actuar, e que nunha próxima reunión dará conta das medidas que se van a aplicar. Afirma,

finalmente, que atende e agradece as recomendacións propostas polo presidente, e que se traballará nesa liña.

- *Infórmase favorablemente a liquidación.*

PUNTO 4

Confirmación ou elección dun novo ámbito para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na Universidade de Vigo.

Refire o presidente que na sesión de febreiro de 2023 tomouse o acordo de encargar para 2024 unha auditoría operativa sobre a Intervención. Consulta aos presentes se se mantén a decisión ou se presenta algunha proposta de temática alternativa. Conveñen en manter a decisión. A Comisión ACORDA:

- *Encargar unha auditoría operativa sobre "Intervención".*

PUNTO 5

Asignación de retribucións adicionais. Resolución relativa ao complemento de excelencia curricular docente e investigadora 2022.

Vista a documentación que se achega e aclaradas algunhas consultas sobre o procedemento e as competencias neste asunto, a Comisión ACORDA:

- *Aprobar a asignación.*

PUNTO 6

Informe que proceda sobre a modificación puntual da RPT da Universidade de Vigo, conforme aos seus estatutos. Modificación de niveis de complementos de destino.

Na introdución deste punto, o presidente expón que a LOSU atribúe expresamente a aprobación desta materia ao Consello de Goberno, polo que se trae a esta comisión atendendo ao disposto nos Estatutos da UVigo e na Lei 6/2013 do SUG, ademais de que así o aconsellan as funcións que o Consello Social ten de supervisión do funcionamento económico, pola importancia dos gastos de persoal no orzamento universitario e polo que si se lle recoñece na asignación de complementos retributivos, sen prexuízo do que decida no seu momento o desenvolvemento autonómico da LOSU.

Jesús Graña pregunta polo informe da Consellería de Facenda que debe acompañar ao expediente. A xerente precisa que o incremento retributivo é de 74 mil euros, que se amortiza con dúas prazas que non se cobren. O informe da Consellería é favorable, o mesmo que o emitido pola Xunta de Persoal funcionario de administración e servizos da UVigo.

O presidente pregunta cal é o criterio seguido para decidir a aplicación do nivel 22 ou do nivel 21, e por que no caso da Secretaría do Consello Social queda no 21. Yolanda Lesmes explica que se lle concedeu o nivel 22 ao persoal ao que se lle pediu dispoñibilidade horaria. Intervén o secretario para informar que a dispoñibilidade horaria na Secretaría do Consello Social é habitual e mesmo obrigada en largos períodos dada a falta de persoal de apoio, do que non se dispón pese a telo solicitado. Juan Manuel Vieites pide á xerente que reconsidere o recoñecemento do nivel 22 para a Secretaría do Consello Social. A xerente resposta que o terá en conta.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTOS 7 e 8

Control e seguimento de competencias: aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos (art. 20.4); Doazóns menores e correntes (art. 25.2); Arrendamentos (art. 26).

Control e seguimento de competencias: aplicación da normativa de xestión de espazos universitarios. Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia (art.3).

O presidente agradece á Xerencia a ampla e pormenorizada documentación que se achega para ámbolos dous puntos, e coa que se dá cumprimento ao labor de comprobación do Consello Social.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTO 9

Aprobación, se procede, dos prezos das residencias de estudantes para o curso 2024/2025, consonte proposta do Consello de Goberno.

Á vista da documentación remitida, fan os presentes distintas observacións e consultas, referidas principalmente ao nivel de ocupación das residencias, tempo de duración da concesión da xestión, evolución das tarifas, cobro de matrícula, ... Solicitarase un informe ao respecto.

- *Apróbanse os prezos.*

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da publicación da omisión dunha páxina da proposta recibida no seu momento das tarifas dos servizos do Centro de apoio á investigación (CACTI).

Explícase que as tarifas xa foron aprobadas no seu momento, e que se trata de aprobar e autorizar a publicación dunha páxina que foi omitida na documentación que se remitiu ao Consello Social, con condicións para a aplicación das tarifas e para o servizo de abonos.

- *Apróbase a publicación.*

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2023 e xaneiro de 2024.

Reitérase a petición de que os convenios de contido económico se acompañen de informes da Asesoría Xurídica e de Control Interno, lembrando o presidente que xa fora solicitado tamén na reunión do pasado mes de decembro.

- *A comisión dáse por informada.*

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

O presidente pide á Xerencia que, a documentación que se lle solicita para as reunións da Comisión Económica, se remita coa maior antelación posible, a fin de cumprir os prazos da convocatoria e facilitar a súa consulta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:30 horas do 29 de febreiro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)